

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- 3175** *Real decreto 175/2011, do 11 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e o Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos cuidadores das persoas en situación de dependencia.*

O artigo 10.3 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece que o Goberno, mediante real decreto, aprobará os criterios establecidos polo Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para determinar a intensidade de protección dos servizos e a compatibilidade e incompatibilidade entre eles. Así mesmo, o artigo 20 da citada lei establece que as contías das prestacións económicas, unha vez acordadas polo Consello Territorial, serán aprobadas polo Goberno mediante real decreto.

En cumprimento dos mandatos anteriores foi aprobado o Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

No citado real decreto desenvóléronse só os servizos e prestacións económicas correspondentes aos graos II e III de dependencia severa e gran dependencia, por considerar que o calendario de aplicación progresiva da lei, establecido no número 1 da súa disposición derradeira primeira, e a avaliación de resultados tras os primeiros tres anos da súa aplicación, prevista no número 3 desa mesma disposición derradeira, aconsellaban pospor a regulación do grao I, dependencia moderada.

O 1 de xaneiro de 2011 cobraron efectividade as prestacións económicas correspondentes ao grao I, nivel 2, e o 1 de xaneiro de 2013 cobrarana as prestacións económicas correspondentes ao grao I, nivel 1.

Por tanto, a finalidade deste real decreto é, entre outras, incorporar ao real decreto modificado os criterios sobre as intensidades de protección dos servizos, o importe das prestacións económicas e os requisitos e condicións de acceso á prestación económica para cuidados no ámbito familiar que se poidan recoñecer ás persoas en situación de dependencia en grao I, dependencia moderada.

Por outra parte, o acceso ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia das persoas recoñecidas en situación de dependencia en grao I, require a inclusión das súas persoas cuidadoras na regulación da Seguridade Social dos cuidadores non profesionais, prevista no Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos cuidadores das persoas en situación de dependencia.

En consecuencia, a través deste real decreto modifícase o Real decreto 615/2007, do 11 de maio, para incluír a cotización á Seguridade Social e formación profesional dos cuidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia ás cales se lles recoñeceu o grao I, atendendo ás características da atención prestada, dado o carácter moderado da situación de dependencia da persoa beneficiaria.

Este real decreto apróboo o Goberno, de conformidade co Acordo do 28 de outubro de 2010 adoptado polo Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre establecemento de criterios para determinar a intensidade de protección dos servizos e sobre as condicións e contía das prestacións económicas para as persoas recoñecidas en situación de dependencia moderada, de conformidade co previsto no artigo 8.2.b) e c) da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

No seu proceso de elaboración, este real decreto someteuse a informe do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, e a consulta do Comité Consultivo, do Consello Estatal de Persoas Maiores, do Consello Nacional da Discapacidade e do Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social.

Esta norma dítase en uso da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima, en relación cos artigos 10.3, 15 e 20 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

O Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, queda modificado nos seguintes termos:

Un.–Suprímese o parágrafo quinto do preámbulo cuxo teor literal é o seguinte:

«Neste real decreto desenvólvense só os servizos e prestacións económicas correspondentes aos graos II e III de dependencia severa e gran dependencia, por considerar que o calendario de aplicación progresiva da lei, establecido no número 1 da súa disposición derradeira primeira, e a avaliación de resultados tras os primeiros tres anos da súa aplicación, prevista no número 3 desa mesma disposición derradeira, aconsellan pospor a regulación do grao I de dependencia moderada.»

Dous.–Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos, e engádese unha letra c) co seguinte contido:

«1. Para facer efectivo o establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, determínanse a continuación os servizos e prestacións que corresponden aos graos I, II e III de dependencia.

c) Grao I nivel 1 e 2. Dependencia moderada.

Servizos:

De promoción da autonomía persoal.

De teleasistencia.

De axuda a domicilio.

De centro de día.

De centro de noite.

Prestacións económicas:

Prestación económica para cuidados no ámbito familiar.

Prestación económica vinculada ao servizo, nos supostos previstos na Lei 39/2006, do 14 de decembro, en consonancia co catálogo de servizos correspondente ao grao I.»

Tres.–Introdúcese un número 4 no artigo 6, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Para as persoas ás cales se lles recoñeceu o grao I, de dependencia moderada, son servizos de promoción para a autonomía persoal, cuxo contido desenvolverá a Comisión Delegada do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, os seguintes:

Os de habilitación e terapia ocupacional.

Atención temperá.

Estimulación cognitiva.
Promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional.
Habilitación psicosocial para persoas con enfermidade mental ou discapacidade intelectual.
Apoios persoais e coidados en aloxamentos especiais (vivendas tuteladas).

A intensidade do servizo de promoción para as persoas a que se lles recoñeceu o grao I, de dependencia moderada, axustarase ao intervalo de protección ou ás horas mínimas de atención no caso de atención temperá establecidas no anexo I.

A concreción da intensidade determinarase no programa individual de atención, de conformidade coas horas mensuais que estableza o correspondente ditame técnico en función das actividades da vida diaria en que a persoa en situación de dependencia precise apoios ou coidados. Todo isto, sen prexuízo das maiores intensidades dos servizos e programas de promoción de autonomía persoal que cada comunidade autónoma teña xa establecido.

Así mesmo, as comunidades autónomas poderán desenvolver accións e programas con carácter complementario ás prestacións contidas no programa individual de atención tales como asesoramento, acompañamento activo, orientación, asistencia e formación en tecnoloxías de apoio e adaptacións, que contribúan a facilitar a realización das actividades da vida diaria.»

Catro.—O artigo 7 queda redactado como segue:

«Artigo 7. *Intensidade do servizo de teleasistencia.*

1. O servizo de teleasistencia ten por finalidade atender as persoas beneficiarias mediante o uso de tecnoloxías da comunicación e da información, observando as medidas de accesibilidade adecuadas para cada caso, e o apoio dos medios persoais necesarios, en resposta inmediata ante situacións de emerxencia, ou de inseguridade, soidade e illamento e co fin de favorecer a permanencia das persoas usuarias no seu medio habitual.

2. O servizo de teleasistencia prestarase para as persoas en situación de dependencia que o necesiten, nas condicións establecidas por cada comunidade autónoma ou Administración que, se é o caso, teña a competencia.

3. Para as persoas ás cales se lles recoñeceu o grao I de dependencia moderada, o servizo de teleasistencia prestarase como servizo complementario ao resto de prestacións contidas no programa individual de atención excepto no caso de servizos de teleasistencia avanzada con apoios complementarios, cuxo contido determinará a Comisión Delegada do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.»

Cinco.—Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 8, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. O servizo de axuda a domicilio constitúeo o conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio das persoas en situación de dependencia, co fin de atender as necesidades básicas da vida diaria e incrementar a súa autonomía, posibilitando a permanencia no seu domicilio.»

«4. A intensidade do servizo de axuda a domicilio estará en función do programa individual de atención e determinarase en número de horas mensuais de servizos asistenciais, mediante intervalos segundo o grao e nivel de dependencia, de acordo co anexo II.»

Seis.—Modifícase o número 2 do artigo 9, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Tendo en conta a tipoloxía de centros establecida no artigo 15.1.d) da Lei 39/2006, do 14 de decembro, os centros de día adecuaranse para ofrecer ás persoas en situación de dependencia atención especializada de acordo coa súa idade e cos coidados que requiran, tendo en conta o seu grao.»

Sete.–Engádese un segundo parágrafo ao número 4 do artigo 9, do seguinte teor:

«Non obstante, a intensidade do centro de día para as persoas ás cales se lles recoñeceu o grao I, de dependencia moderada, será como mínimo a establecida no anexo III.»

Oito.–O artigo 12 queda redactado como segue:

«1. Os requisitos e condicións de acceso ás prestacións económicas estableceranos as comunidades autónomas ou a Administración que, se é o caso, teña a competencia, tendo en conta o disposto no acordo adoptado polo Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

2. Para os efectos do previsto nos artigos 2.5, 14.4 e 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, poderán asumir a condición de cuidadores non profesionais dunha persoa en situación de dependencia o seu cónxuxe e os seus parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción, ata o terceiro grao de parentesco.

3. Cando a persoa en situación de dependencia recoñecida en grao III e grao II teña o seu domicilio nun contorno caracterizado por insuficiencia de recursos públicos ou privados acreditados, a despoboación, ou circunstancias xeográficas ou doutra natureza que impidan ou dificulten outras modalidades de atención, a Administración competente poderá excepcionalmente permitir a existencia de cuidados non profesionais por parte dunha persoa do seu contorno que, aínda non tendo o grao de parentesco sinalado no número anterior, resida no municipio da persoa dependente ou nun veciño, e que o fíxese durante o período previo dun ano á data de presentación da solicitude.

Cando a persoa en situación de dependencia teña recoñecido o grao I, o contorno a que se refire o parágrafo anterior deberá ter, ademais, a consideración de contorno rural. Neste suposto as persoas cuidadoras terán que reunir o resto de requisitos establecidos para o efecto neste artigo, con excepción da convivencia no mesmo domicilio. No programa individual de atención que determine a prestación máis adecuada ás necesidades da persoa beneficiaria, deberanse indicar expresamente os motivos polos que non pode ser proposto un servizo ou, se é o caso, a prestación económica vinculada ao dito servizo.

4. Ademais do previsto nos anteriores números, establécense as seguintes condicións de acceso á prestación económica para cuidados no ámbito familiar e os requisitos dos cuidadores non profesionais das persoas en situación de dependencia ás cales se lles recoñeceu o grao I, dependencia moderada:

a) Que a persoa beneficiaria estea sendo atendida mediante cuidados no ámbito familiar, con carácter previo á solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e non sexa posible o recoñecemento dun servizo debido á inexistencia de recursos públicos ou privados acreditados.

b) Que a persoa cuidadora conviva coa persoa en situación de dependencia no mesmo domicilio, salvo no suposto previsto no número 3 deste artigo.

c) Que a persoa cuidadora non teña recoñecida a situación de dependencia en calquera dos seus graos.

5. En caso de que a persoa en situación de dependencia recoñecida en grao I veña recibindo un servizo dos previstos para o seu grao e nivel de dependencia, na resolución de concesión de prestacións débese manter, polo menos, o mesmo servizo ou outro servizo coa mesma intensidade. No suposto de que o dito servizo sexa incompatible coa prestación económica de cuidados no contorno, non se concederá esta.»

Nove.–Suprímese o segundo parágrafo do número 1 do artigo 13.

Dez.–A disposición adicional única pasa a denominarse disposición adicional primeira.

Once.—Engádese unha disposición adicional segunda coa seguinte redacción.

«Disposición adicional segunda. *Prevención do agravamento da situación de dependencia no grao I, niveis 1 e 2.*

1. A prevención será prioritaria para as persoas en situación de dependencia en grao I, co obxecto de previr o agravamento do seu grao e nivel de dependencia, polo que debe formar parte de todas as actuacións que se realicen no ámbito do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

2. Os plans de prevención das situacións de dependencia, elaborados polas comunidades autónomas ou Administración que, se é o caso, teña a competencia, determinarán no seu correspondente ámbito territorial os criterios, recomendacións e condicións mínimas que estableza o Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.»

Doce.—Engádese unha disposición adicional terceira, cuxo contido é o seguinte:

«Disposición adicional terceira. *Contía máxima das prestacións económicas.*

1. Para o ano 2007 as contías máximas das prestacións económicas correspondentes ao grao III, gran dependencia, niveis 1 e 2, determínanse no anexo IV.

2. Para o ano 2011, as contías máximas das prestacións económicas correspondentes ao grao I, dependencia moderada, nivel 2, serán as que se determinan no anexo V.»

Trece.—Engádese unha disposición transitoria única coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria única. *Situación de transitoriedade relativa ás persoas en situación de dependencia moderada que estean recibindo servizos de atención residencial.*

Ata o 31 de decembro do ano 2013, ás persoas ás cales se lles recoñeceu o grao I de dependencia moderada e que o 28 de outubro de 2010 estivesen recibindo o servizo de atención residencial, poderáselles ofrecer esta prestación como a modalidade de intervención máis adecuada no proceso de consulta para o establecemento do programa individual de atención.

No caso de que se recoñecese esta prestación, o servizo de atención residencial axustará os servizos e programas de intervención ás necesidades das persoas en situación de dependencia moderada atendidas.»

Catorce.—Incorpórase un novo anexo I, cuxo teor literal é o seguinte:

«ANEXO I

Intensidade do servizo de promoción da autonomía para as persoas en situación de dependencia en grao I

A intensidade do servizo de promoción axustarase ao seguinte intervalo de protección, sen prexuízo do previsto especificamente para a atención temperá, os servizos de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional:

Grao I. Dependencia moderada	Horas de atención
Nivel 2.	Entre 20 e 30 horas mensuais.
Nivel 1.	Entre 12 e 19 horas mensuais.

Para a atención temperá establécese a seguinte intensidade:

Grao I. Dependencia moderada	Horas mínimas de atención
Niveis 2 e 1.	Un mínimo de 6 horas mensuais.

Para os servizos de promoción, mantemento e recuperación da autonomía funcional establécese a seguinte intensidade:

Grao I. Dependencia moderada	Horas mínimas de atención
Niveis 2 e 1.	Un mínimo de 15 horas mensuais.»

Quince.—O anexo I pasa a enumerarse como anexo II e substitúese a redacción pola seguinte:

«ANEXO II

Intensidade do servizo de axuda a domicilio segundo grao e nivel de dependencia

Grao e nivel	Horas de atención
Grao III. Gran dependencia:	
Nivel 2.	Entre 70 e 90 horas mensuais.
Nivel 1.	Entre 55 e 70 horas mensuais.
Grao II. Dependencia severa:	
Nivel 2.	Entre 40 e 55 horas mensuais.
Nivel 1	Entre 30 e 40 horas mensuais.
Grao I. Dependencia moderada:	
Nivel 2.	Entre 21 e 30 horas mensuais.
Nivel 1.	Entre 12 e 20 horas mensuais.»

Dezaseis.—Incorpórase un novo anexo III, coa seguinte redacción:

«ANEXO III

Intensidade do servizo de centro de día para as persoas en situación de dependencia en grao I

Grao I. Dependencia moderada	Horas semanais de atención mínima personalizada
Nivel 2.	25 horas semanais.
Nivel 1.	15 horas semanais.»

Dezasete.—O anexo II pasa a denominarse anexo IV.

Dezaquito.–Incorpórase un novo anexo V coa seguinte redacción:

«ANEXO V

Contías máximas das prestacións económicas do grao I, nivel 2, para o ano 2011

Graos e niveis	Prestación económica vinculada ao servizo (en euros mensuais)	Prestación económica para coidados no ámbito familiar (en euros mensuais)	
	Contía	Contía	Cota SS+FP
Grao I nivel 2.	300	180	O cincuenta por cento do tope mínimo do réxime xeral da Seguridade Social.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia.*

O Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos coidadores das persoas en situación de dependencia, queda modificado nos seguintes termos:

Un.–Modifícase o artigo 1, que queda redactado da seguinte maneira:

«Para os efectos do previsto nos artigos 2.5, 14.4 e 18 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, terán a consideración de coidadores non profesionais dunha persoa en situación de dependencia aqueles que sexan designados como tales no programa individual de atención e cumpran os requisitos establecidos no artigo 12 do Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.»

Dous.–Engádesse un parágrafo terceiro no número 1 do artigo 4, co seguinte teor literal:

«Cando a persoa en situación de dependencia teña recoñecido o grao I, dependencia moderada, en todo caso entenderase que, dadas as características da atención prestada por estes coidadores non profesionais, a base mensual de cotización no correspondente convenio especial será o cincuenta por cento do tope mínimo establecido no réxime xeral da Seguridade Social, salvo que resulte inferior por aplicación do disposto no parágrafo segundo do número seguinte.»

Tres.–Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Acceso e cálculo das prestacións nos supostos de coidados non profesionais a tempo parcial.

Nos supostos previstos no segundo e terceiro parágrafo do artigo 4.1 para o acceso e cálculo das correspondentes prestacións económicas aplicaranse as regras previstas nos casos de contratos a tempo parcial.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade,
Política Social e Igualdade,
LEIRE PAJÍN IRAOLA